Determinación das medidas de prevención de riscos laborais.
Prevención de riscos laborais nos procesos de montaxe e mantemento.
Equipamentos de protección individual.
Cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os alumnos acadarán a avaliación positiva cando se alcancen os obxectivos indicados no Decreto 28/2010 polo que se publica o currículo do título de "Técnico en Instalacións Eléctricas e Automáticas". segundo o RD. 177/2008 polo que se establece o título e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

### MÍNIMOS ESIXIBLES.

Están reflectidos na táboa 4.c de cada unidade didáctica, e marcados con un "SI".

Será necesario ter o 50% de cada unidade didáctica superado para superar o módulo.

Pola seguridade do propio alumno, e dos seus compañeiros, non se lle permitirá realizar os traballos prácticos a aquel alumno que non alcance polo menos 4 puntos nos exames previos a realización de ditas montaxes e conexións; posto que debemos ter en conta os riscos eléctricos.

### CRITERIOS CUALIFICACIÓN.

Tendo en conta os obxectivos marcados nos procedementos de avaliación, os criterios de cualificación ponderaránse da maneira seguinte:

- Probas teórico-prácticas: 60%. Dentro destas probas inclúense cuestións sobre conceptos teóricos e prácticos dados en cada unidade, ademais de exercicios para calcular, representar ou debuxar esquemas segundo os conceptos de cada unidade.
- Lista de cotexo: 30%. Entrega obrigatoria dos traballos propostos para cada avaliación. Entrega do caderno de prácticas según formato definido, fichas de traballo ou calquera outro traballo proposto.
- Táboas de observación: 10%. Valorarase a actitude do alumno na aula e nos traballos a realizar, a iniciativa, o cumprimento das normas de seguridade e a correcta utilización dos medios materiais. E terase moi en conta a responsabilidade, sinceridade, puntualidade, participación, respecto polas normas de seguridade e ambientais, compañeirismo, orde e limpeza, calidade e delicadeza no manexo dos equipos, documentación e ferramentas.

Ademais terá que cumprirse o seguinte:

- A nota de cada apartado anterior será a media aritmética das notas acadadas nas probas realizadas
- A nota mínima esixida en cada proba teórica ou práctica para facer media será de 4.
- Para superar a materia o alumno terá que acadar como mínimo unha nota de 5, unha vez ponderadas as notas dos exames teórico-prácticos, da lista de cotexo e da táboa de observación.
- A realización de todos os traballos prácticos será de carácter obrigatorio, en caso de non realizarse ou non entregar toda a documentación vinculada con estes traballos non se superará o módulo

En resumo o alumno só poderá aprobar se alcanza un mínimo de 4 puntos en tódalas probas, ten aptos tódolos traballos e prácticas solicitados e a

media ponderada alcanza como mínimo 5 puntos sobre 10 para poder aprobar. Se o alumno non alcanza os 4 puntos como mínimo nalguna das probas, ten prácticas ou traballos non aptos ou pendentos, ou a media ponderada non alcanza os 5 puntos; entón estará suspenso e deberá recuperar as partes pendentos.

Se volvesen empeorar as circunstancias sanitarias as probas teóricas ou prácticas poida que teñan que realizarse telematicamente. Sempre que as circunstancias sanitarias o permitan serán presenciais.

No caso de probas telemáticas:

- \* Realizarase un simulacro por videoconferencia o día e hora na que o alumno/a sexa convocado. Non é un prototipo do exame. A finalidade é detectar os problemas de conexión do alumnado na plataforma virtual.
- \* O día da proba enviarase por correo unha invitación para conectarse a videoconferencia.
- \* Tanto para o simulacro como para a proba o alumno/a deberá estar só nunha habitación, en ningún momento poderá saír da habitación hasta que finalice a proba. O alumnado que incumpra estas normas provocara a anulación das mesma, sendo cualificado cun cero.
- \* O alumno necesita ordenador e cámara web ou móbil.
- \* Deberá estar sempre visible e enfocando o que está a realizar na pantalla.
- \* O alumno debera ter o material e no ordenador o software que se precisa para o módulo.

Ante a sospeita de caso de fraude ou copia das probas (presencial ou telemática) por parte do alumno/a cualificarase esa proba cun 1, e repetirase a proba de xeito presencial sempre que as autoridades sanitarias o permitan. Se non fose posible de xeito presencial realizarase de forma telemática. En caso de persistir a aptitude fraudulenta do alumno a proba cualificarase cun 1.

Nas probas, tanto presenciais como telemáticas non se permitirá o acceso ao alumnado que chegue tarde sen causa debidamente xustificada. Permitirase a entrada até 10 minutos tarde despois da hora de comezo da proba, pero non se alongará a hora de remate neste caso. Nas probas presenciais o alumno só poderá empregar o seu material. De non telo para a proba non poderá realizala, cualificándose cun 1 e deixarase constancia no XADE.

É necesaria a entrega de tódolos traballos asignados, prácticas programadas e documentación solicitada (entrega de memorias, cuestionarios, etc) segundo os criterios establecidos, nos prazos establecidos, e a defensa do traballo se se solicita.

Empregarase a aula virtual do IES Pedra da Auga onde existirá un acceso o módulo. Nesta aula virtual o alumno terá a documentación do curso e entregará o traballo de clase en calquera dos escenarios que poidan acontecer debido a COVID-19 (modalidade semipresencial ou a distancia en caso de confinamento). O uso desta plataforma virtual implica establecer los seguintes instrumentos de avaliación:

- \* Non serán avaliadas aquelas tarefas que sexan entregadas fóra de prazo sen motivos xustificables.
  - \* En caso de evidencias de fraude na entrega de tarefas a través da aula virtual cualifícanse cun 1.
  - \* Queda prohibida a gravación, difusión ou divulgación do contido das clases por parte do alumnado. A infracción de esta prohibición pode xerar a correspondente responsabilidade disciplinaria, administrativa ou civil. O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades prácticas ao alumnado que poida implicar un risco para eles mesmos, ou o resto do grupo ou instalacións. Ben sexa por conduta non apropiada ou por non coñecer a materia impartida debido a falta de asistencia.
- O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas prácticas cando o alumnado se negue a limpeza e desinfección do material ou posto de traballo.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As actividades de recuperación serán individualizadas para cada alumno que non supere os mínimos esixibles.

Os criterios de avaliación e cualificación que se aplicarán nas recuperacións serán os mesmos aplicados durante a avaliación.

Cando non se acaden os obxectivos en algunhas unidades didácticas, poderán propoñerse traballos complementarios segundo o caso:

- Exercicios de cálculo, montaxe, simulación, análises comparativos, informes, interpretación de catálogos, e outros documentos, etc. No caso das desmontaxes, esixírase que traian previamente os esquemas, simulacións ou calculos necesarios

- Realizaranse unhas probas que poderán ser escritas e/ou prácticas

Para recuperar cada avaliación suspensa o alumno terá que acadar como mínimo un 5.

Para superar o módulo o alumno terá que recuperar todas as unidades didácticas.

O alumnado que non supere os mínimos esixibles no periodo ordinario, no periodo de recuperación terá oportunidade de facer boletíns, exames, traballos teóricos e prácticas no taller.

Cabe destacar que o profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades prácticas ao alumnado que, por non asistir no seu día e non coñecer a materia impartida, poidan implicar algún tipo de risco para eles mesmos, o resto do grupo ou as instalacións.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Aquel alumnado que acade un número de faltas de asistencia igual ou superior ao 10% da duración total do módulo (sesións) perderá o dereito a ser avaliado en cada trimestre e terá que facer unha proba extraordinaria antes da terceira avaliación, para superar este módulo.

Nesta proba, o alumnado terá que demostrar que posúe os coñecementos mínimos esixibles de cada un dos bloques de contidos desta programación.

Esta proba constará de dúas partes:

- 1ª parte: proba teórica que versará sobre os contidos mínimos de cada unha das unidades didácticas do módulo (60%).

- 2ª parte: proba práctica na que se levará a cabo como mínimo dúas das prácticas realizadas polo alumnado (40%)

A primeira parte da proba realizarase nun único día. A segunda parte poderá durar máis dun día. Aquel alumnado que non supere a primeira parte da proba, non poderá realizar a segunda parte.

Nota: O alumnado será informado das datas a través do taboleiro de anuncios do IES Pedra da Auga e da aula virtual..

O alumnado que perda o dereito a avaliación continua, debido os riscos que pode supor para el mesmo, para o resto do alumnado e para as instalacións, non poderá realizar as montaxes prácticas na aula-taller e terá dereito, iso sí, a proba descrita anteriormente.

Se volvesen empeorar as circunstancias sanitarias as probas teóricas ou prácticas poida que teñan que realizarse telematicamente. Sempre que as circunstancias sanitarias o permitan serán presenciais.

No caso de probas telemáticas:

- \* Realizarase un simulacro por videoconferencia o día e hora na que o alumno/a sexa convocado. Non é un prototipo do exame. A finalidade é detectar os problemas de conexión do alumnado na plataforma virtual.
- \* O día da proba enviarase por correo unha invitación para conectarse a videoconferencia.
- \* Tanto para o simulacro como para a proba o alumno/a deberá estar só nunha habitación, en ningún momento poderá saír da habitación hasta que finalice a proba. O alumnado que incumpra estas normas provocara a anulación das mesma, sendo cualificado cun cero.
- \* O alumno necesita ordenador e cámara web ou móbil.
- \* Deberá estar sempre visible e enfocando o que está a realizar na pantalla.
- \* O alumno debera ter o material e no ordenador o software que se precisa para o módulo.

Ante a sospeita de caso de fraude ou copia das probas (presencial ou telemática) por parte do alumno/a cualificarase esa proba cun 1, e repetirase a proba de xeito presencial sempre que as autoridades sanitarias o permitan. Se non fose posible de xeito presencial realizarase de forma telemática. En caso de persistir a aptitude fraudulenta do alumno a proba cualificarase cun 1.

Nas probas, tanto presenciais como telemáticas non se permitirá o acceso ao alumnado que chegue tarde sen causa debidamente xustificada. Permitirase a entrada até 10 minutos tarde despois da hora de comezo da proba, pero non se alongará a hora de remate neste caso. Nas probas presenciais o alumno só poderá empregar o seu material. De non telo para a proba non poderá realizala, cualificándose cun 1 e deixarase constancia no XADE.

Empregarase a aula virtual do IES Pedra da Auga onde existirá un acceso o módulo. Nesta aula virtual o alumno terá a documentación do curso e entregará o traballo das probas en calquera dos escenarios que poidan acontecer debido a COVID-19 (modalidade a distancia en caso de confinamento). O uso desta plataforma virtual implica establecer os seguintes instrumentos de avaliación:

- \* Non serán avaliadas aquelas tarefas que sexan entregadas fóra de prazo sen motivos xustificables.
- \* En caso de evidencias de fraude na entrega de tarefas a través da aula virtual cualifícanse cun 1.
- \* Queda prohibida a gravación, difusión ou divulgación do contido das clases por parte do alumnado. A infracción de esta prohibición pode xerar a correspondente responsabilidade disciplinaria, administrativa o civil.

O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas prácticas cando o alumnado se negue a limpeza e desinfección do material ou posto de traballo.

## **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

1- Grao de cumprimento da programación no período estimado.

2- Avaliar a eficacia das medidas correctoras tomadas para a mellora do resultado dos alumnos.

Para realizar o seguimento e a valoración da programación deste módulo utilizaranse os seguintes mecanismos:

- Na folia de seguimento anotarase os contidos impartidos e as observacións que puidesen ter relevancia mensualmente. A comparación entre estes contidos e os programados a principio de curso poderán dar lugar a modificacións, ben a propoñer no presente curso, ou a ter en conta no seguinte.

- As conclusións do equipo educativo trala sesión de avaliación inicial.
- As conclusións do equipo educativo tralas sesións de avaliación ordinaria.
- As enquisas de satisfacción propostas aos alumnos en canto á docencia.
- As observacións que puidese facer o titor nas reunións de Departamento.
- As observacións que poida facer o alumno Delegado de curso actuando como tal.

Con estes mecanismos obteranse as conclusións que dean lugar ás modificacións a realizar na programación deste módulo para o curso seguinte e que se incluírán na Memoria Final de curso do Departamento

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao inicio do curso farase na aula unha posta en común de coñecementos, a cal terá como obxectivo exclusivo unha análise, centrada nos contidos do módulo, da situación real do alumnado con respecto á materia a desenvolver e á súa capacidade de autoformación.

Deste xeito poderase facer, por exemplo, unha distribución máis homoxénea dos grupos de traballo e mesmo facilitar que o/a alumno/a adquira unha maior independencia formativa.

En ningún caso esta avaliación inicial terá carácter vinculante nin suporá unha modificación dos mínimos esixidos.

A posta en común de coñecementos iniciais, poderá levarse a cabo con calquera dos seguintes mecanismos:

- Realizar un cuestionario individual de recollida de datos.
- Preguntar na clase sobre coñecementos ou experiencias previos.
- A través de pequenas probas sobre a materia impartida e as actividades realizadas.
- Observacións de actitudes, hábitos de aprendizaxe, habilidades académicas, habilidades sociais e adaptación ao grupo.
- Observar o material, apuntamentos, pequenos traballos escritos ou orais do alumnado.
- Coñecer os perfís do alumnado.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Establecer secuencias de contidos que aseguren aprendizaxes básicas para todos e coñecementos de maior complexidade para algúns.

Deseñar actividades de ensinanza aprendizaxe variadas e con diferente nivel de dificultade.

Establecer agrupamentos que permitan contextos de aprendizaxe colaborativos.

Considerar diferente tempo de realización das actividades en función dos diferentes ritmos de aprendizaxe.

Se se detectasen carencias ou necesidades educativas especiais a raíz da avaliación inicial, axustaríase a programación incorporando medidas de reforzo específicas segundo ditas carencias.

Por outro banda, para aqueles alumnos/as máis avantaxados e/ou no caso de alumnos/as repetidores, propóñense como medidas de ampliación a realización de determinadas tarefas propias de profesora/a, por exemplo: soporte na realización das prácticas dos compañeiros que teñen máis dificultades, realización dalgunha montaxe exemplo, inspección e corrección da montaxe dalgún compañeiro, etc.

No caso concreto do alumnado repetidor do mesmo centro que non abandonase o módulo, do cal xa se sabe cales foron as carencias no curso anterior, tratarase de darlle traballos individuais a maiores para que os executen completamente e de maneira progresiva, tentando así reforzar os seus coñecementos.

Estes traballos partirán dunhas premisas iniciais, e terán que deseñarse completamente. Comezarán elaborando listados de material para levar á practica os problemas propostos, a continuación farán os esquemas eléctricos normalizados en papel, pasando despois a empregar o software preciso para elaborar esquemas e simular funcionamento correcto do deseño. Unha vez rematado o automatismo cableado terán que programar en diferentes linguaxes do autómatas, e simular no software apropiado. E finalmente executarán o traballo completo nun taboleiro de prácticas onde mecanizarán, cablearán e programarán tódolos sensores e actuadores.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

A formación profesional debe incluír nas súas ensinanzas aspectos relativos ao traballo en equipo, á prevención de riscos laborais, ao emprendemento, á actividade empresarial e á orientación laboral dos alumnos/as. Neste sentido, propuxéronse os seguintes mecanismos na programación orientados a súa consecución:

- 1 Actividade de tipo proxecto na que o alumnado deberá traballar conxuntamente no seu desenvolvemento.
- 1 Actividade sobre seguridade e protección en instalacións domóticas, que deberán recoñecer e aplicar no resto de actividades prácticas do curso.
- Actividades teóricas e prácticas baseadas en casuísticas reais, co fin de orientar aos alumnos/as ao mundo laboral.

Aparte destas cuestións, tamén se abordan os seguintes aspectos de educación en valores:

- Educación Ambiental: o taller dispón de contenedores de reciclaxe de residuos eléctricos e plásticos, onde o alumnado depositará o material inservible cada vez que finalice as súas tarefas prácticas. Ademais, promoverase a reutilización de material de prácticas anteriores (cables, tubos, parafusos, etc.).
- Educación cívica e constitucional: nas clases estímúlase a participación de todos os alumnos/as e promóvese a tolerancia e o respecto polas opinións dos demais, asimesmo, nos traballos prácticos, valórase o desenvolvemento dunha actitude responsable, ordenada e metódica.
- Comprensión lectora, expresión oral e escrita: a variedade de tarefas a realizar por parte dos alumnos/as (análise de catálogos técnicos, exposición do traballo, memorias de prácticas, etc.) garante o desenvolvemento destas competencias.
- TICs e comunicación audiovisual: en múltiples tarefas plantéxase a búsqueda de información en internet, manexo de programas informáticos e consulta de material audiovisual por parte dos alumnos/as, cun dobre obxectivo: por un lado, para que adquiran destrezas no manexo destas ferramentas con fins educativos e, por outro, para que as actividades de índole teórica lles resulten máis amenas.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Os alumnos participarán en tódalas actividades propostas polo departamento: Visitas a empresas relacionadas co ámbito profesional no que se

desenrola o módulo, asistencia a formación ou participación en calquer convocatoria do ámbito profesional no que se está formando o alumnado.

Asimesmo asistirán a charlas impartidas no centro relacionadas coa súa inserción profesional ou con aspectos técnicos específicos do seu curriculum.

Estas actividades concretaranse durante o curso en función da dispoñibilidade das empresas, conferenciantes etc e reflectiranse na memoria de fin de curso.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Coñecemento da programación

A programación daráselle a coñecer aos alumnos mediante a súa lectura na aula. Ademais quedará exposta na páxina web do centro para a súa consulta.

Para quedar constancia disto, faráselle asinar unha folla ó alumnado onde se faga constar que día se lle expuxo dita programación.

### 10.2) Material necesario que ten que aportar o alumnado

- Caderno ou folios.
  - Útiles de debuxo (escuadra, cartabón, regra graduada).
  - Lapis e bolígrafos de cores (azul, negro, verde e vermello).
  - Calculadora non programable.
  - Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión (REBT).
  - Xogo básico de ferramentas: alicata universal, alicates de corte, pelacables, desaparafusadores illados planos, PZ e PH e Tesoira de electricista e nivel.
  - Un polímetro (importante que mida AC) ou unha pinza amperimétrica (de baixa escala, 20 o 40A máximo).
- EPIs: Luvas, Gafas para proxección oculares e botas de seguridade no caso de empregar máquinas ferramenta.

Este material de traballo é imprescindible para traballar neste módulo polo que a falta do mesmo considerárase unha Falta Grave e non poderá facer a montaxe das prácticas.

### 10.3) Falta de asistencia dalgún alumno

Se algún alumno/a falta a clase polo motivo que fose, éste a través da mensaxería da aula virtual, porase en contacto co docente e indicarlle a causa da falta de asistencia a clase e o tempo estimado de ausencia. Con estes datos o profesor explicarlle cales son os contidos que se están a traballar na aula, a tarefa ou tarefas que é preciso entregar nos lugares habilitados para elo na aula virtual e as posibles prácticas que terá que realizar cando volva ás clases. Calquera posible dúbida que lle poida xurdir ao alumno/a que lle imposibilite para o avance do seu propio proceso de ensinanza aprendízaxo, intentarase solventar a través da mensaxería da aula virtual.

Os exames que non poida ter realizados pola ausencia, só se recuperarán se a ausencia é xustificada por causas de enfermidade debidamente acreditada, consulta médica, cita xudicial ou circunstancias semellantes. E esas probas faranse cando o alumno retorne ou serán engadidas no seguinte exame a realizar en función das circunstancias do curso e o criterio do profesor.



#### 10.4) Ensino a distancia

No caso de existir confinamento por unha volta atrás nas circunstancias sanitarias, a formación será a distancia a través da aula virtual e das videoconferencias (segundo as instrucións da Consellería de Educación).

Dende o inicio de curso emprégase a aula virtual do centro; de maneira que o alumnado esté familiarizado co seu funcionamento por se cambiasen as circunstancias sanitarias.

Para a formación do alumnado que non pode acudir polas circunstancias sanitarias presencialmente empregárase a aula virtual do centro e o sistema de videoconferencias.

Este alumnado terá que conectarse sempre no inicio das sesións e identificarse coa cámara conectada, de maneira que o docente poida controlar a asistencia e indicarlle as tarefas a realizar nese día; xa sexa seguir as explicacións da videoconferencia ou traballar de maneira autónoma nas actividades que se lle plantexen.

Por norma xeral o alumnado manterá o micro silenciado nas videoconferencias, a menos que o docente solicite expresamente que algún alumno interveña empregando o micrófono. E manteranse en todo momento as formas.

Queda prohibida a gravación, difusión ou divulgación do contido das clases por parte do alumnado. A infracción de esta prohibición pode xerar a correspondente responsabilidade disciplinaria, administrativa ou civil.